

MARÍA DE LEMA 2/4



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3674_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3674.mp3

TIPO DE DOCUMENTO: Entrevista. Parte 2/4

MATERIAL DISPOÑIBLE: Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción

DURACIÓN: 17' 58"

DATA DA RECOLLIDA: Xoves, 23 de xullo de 1998, pola tarde

LOCALIZACIÓN: Casa da informante

Lugar/ aldea/ barrio: Bretal
Parroquia: Olveira (Santa María)
Concello: Ribeira
Provincia: A Coruña

- **INFORMANTE**

Nome: María de Lema
Data de nacemento: 1952 (46 anos)
Lugar de nacemento: Bretal, Olveira (Santa María), Ribeira

- **RECOLLEDORA:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

TEMÁTICA DA ENTREVISTA

Conversa cunha muller que fala de asuntos diversos, destacando cuestións como a morte, os ofrecementos a santos, a súa boa relación co seu sogro, os traballos da muller como ama de casa, o coidado dos maiores, as actividades fóra da casa e o coidado que debe ter a muller da súa boa fama.

- Parte 1 (MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3673)
De velorios na casa aos tanatorios. Diálogo cos defuntos.
- Parte 2 (MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3674)
O casamento, a organización interxeracional da casa. O defunto da casa para interceder polo neto. A casa.
- Parte 3 (MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675)
A noite, o medo. A Santa Compañía.
- Parte 4 (MPG_GaRo_0007_004_en_0_48_38_id3676)
As portas da casa abertas no velorio e contar a vida do defunto. Quitar o aire.

CONTEXTO DA ENTREVISTA

Nota da autora da recolla: Onte, 23 de xullo de 1998, fomos á mañá miña nai e máis eu á casa de María de Lema para falar con ela, xa que ma recomendou miña prima D. Alí estiveron falando miña nai e súa nai, e quedamos en que iríamos á tarde. Ás catro e media da tarde alí estábamos, e recíbenos. É unha muller de estatura baixa, moi dinámica e rápida de pensamento; eu non a coñecía, pero ela a min si, e acordábase de cando eu estivera na escola aquí na aldea.

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antropos: la muerte dinamiza la estructura de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco.

PALABRAS CHAVE

mortos , defuntos , peticións , casa , casamento



TRANSCRICIÓN

O CASAMENTO, A ORGANIZACIÓN INTERXERACIONAL DA CASA

Vén de MPG_GaRo_0007_001_en_0_01_01_id3673

María de Lema: Foi unha parte moi importante na miña vida o meu sogro, porque cando me casei, xa *bueno, tuven a suerte* de que lle caera ben, porque é o pai do meu home. Que tamén lle podía caer mal. Que eu con quen me casei foi con el (o seu home) que eu xa tiña planeado, máis tiña vinte anos, pero eu o tiña claro que si non lle caía ben, era problema deles, non era problema meu.

Rosa García Orellán: 'Ti *eres* desta casa ou viñeches pa esta casa?

M.: Eu non nacín aquí, vin pa aquí...

R.: Esta casa de quen é, do teu home?

M.: De meus pais.

R.: Ah, *entonces* ti *eres* desta casa.

M.: Si.

R.: Ah, *bueno*.

M.: Si, si, si, pa aquí veu o meu home.

R.: O *sea* teu home é o que veu de fóra.

M.: Si, pero eu estou falando.

R.: Da relación que tes cos teus sogros.

M.: Eh, con estes nada, que son meus pais, con *estos* nada, fenómeno, pero *bueno*. Con estes non teño problema ningún.

R.: Claro, que son da casa.

M.: Problemas *normales* dunha familia, tes que discutir a vida porque tela que discutir.

R.: Si, si.

Audio de procedencia: MPG_GaRo_0007_002_en_0_07_16_id3674.mp3

M.: *Ahora* el (fala do sogro) foi un caso á parte o *sea* que hai personas que non... que é como... son *personas* que están aí e tan e tal e o meu sogro pois non era unha *persona* que estaba aí, era unha *persona* que eu *asmiraba* das que [non se entende]. O *primer* día xa que eu entrei naquela casa díxome non te sentes aí, séntate aquí ao meu lado, foiche por cortesía, normal; e eu xa sabía que me querían *mui* ben, eu nos *conocía* de nada, sempre me insistía en: vén alá; e eu nunca quixen hasta que me casei, porque eu díxenlle que sempre me casaba con el, non co seus pais, era problema deles, se eu lle caía ben *millor*, pero xa que nos *conocía* [non se entende]. Pero *empesámonos* a estar alí, e o meu sogro é unha *persona* que sempre está metido na casa porque o meu sogro é mutilado, da guerra dunha perna, e *bueno*, e como cando morreu simplemente tiña os meus fillos, que eran os seus netos, e me *decía* que os coidara, e que non *tuvera* pena porque si eu non tiña; que el estaba alí, que me axudaba. *Gracias a Dios*, meu home sempre *tuvo* traballo, vivimos dun *sueldo* normal, o meu home foi mariñeiro nada máis, pero como sempre *tuvo*, o meu home é traballador, non lle importa traballar *dónde sea, élle* igual.

R.: Onde traballa aquí en Ribeira?

M.: *No*, anda embarcado. Anda en Albacora.

R.: Ah, na Coruña?

M.: *No*, en Bilbao. A compañía é de Bilbao. *Ahora* está por o Índico cargando nun mercante; cargha... vaille buscar o bonito aos *pesqueros*.

R.: *Osea*, está nun atunero.

M.: Si.

R.: Ah, Albacora xa o *conoço* eu, *estuvo* en Pasajes tamén.

M.: *Ahora* descarga aí, na *Puebla*, teñen aí o almacén e todo, teñen... como se chama *esto* de... o *congelador* por el *vacío*, porque para almacenar teñen que *congelar* teñen un imperio aí. Por iso, che digho, el era parte do meu sogro nunca quería que me faltara de nada; si era moi, si eu me queixaba, os rapaces que me ghan todo, as dúas primeiras *túvenas* en dous anos, en dous anos non. Nun ano!, a que teño casada máis a que está *estudiando*.

R.: Despois de dar a luz unha filla, *tuvo* a outra?

M.: Ter unha e aos cinco meses quedei embarazada da outra e claro, eran as dúas *iguales* e dicía eu: carai estes lévanme todo porque entre que fariña, entre que leite, entre que *pañales*, unha cousa e outra. El sempre había de ter, *bueno*, non te poñas así, e logho, Juan non *ghana*? Claro, que *ghana* Juan, pero tampouco... Pero el sempre había de ter pa me dar, el sempre tiña aqueles cartos para mos dar. Daquela era *increible*; despois *tuvemos* un accidente, *tuvo* Juan un accidente, e daquela estou falando de ao mellor vinte e dous, vinte e tres, vinte e catro anos, máis ou menos, vinte e seis que estou casada, o *sea* que ao mellor vinte e tres anos ou coma non, vinte e catro.

R.: Ti cantos anos tes *ahora*?

M.: Eu *ahora* teño *cuarenta* e seis anos, e xa che digho, e *entonces* quedamos e... *tuvemos* que pagar ademais do seguro do coche tiñamos que pagar setenta e cinco mil pesetas. Daquela eran cartos, que facían falta pa as nenas, *eso no* fai calquera. *Entonces*, eu díghoche que cando... cando lle vou levar flores, sempre porque é o que lle vou levar e... as dúas misas todos os meses, que son doce anos de morto. E chegho alí e falo con el porque me recorda as palabras e que era moi simpático, así cada ves que me vía, sabes o falar de aquí: *bueno*, menos mal que viñestes, *aunque solo* facía dous días ou tres días. Digo: aí! *bueno*, *púdome* casar pa aquí. Pois, deixa teus pais e vente pa aquí.

O DEFUNTO DA CASA PARA INTERCEDER POLO NETO

M.: E *bueno*, era *ghuapa* e chistosa, mamá sabe como son, son chistosa, aínda ultimamente. Haberá catro ou cinco meses, que sacou o meu fillo, fixo dezaioito anos e sacou o carné.

R.: O pequeno?

M.: O pequeno. *Entonces*, sacou o carné. E *carai*, déronlle un disgusto de morte porque suspendera a primeira ves, a teórica non. E sempre lle dicía eu: a teórica non, Manuel. A teórica non, por favor!, un *estudiante* de COU! Que suspenda a teórica... pa poñerme un pouco así, pa poñer atención nas cousas porque é diñeiro que che *sale* das mans, e *entonces* dicíame: si, ti falas moito, e tal. E digho: arrea, a *dios*. Non me dighas, pasou un tempo e foi á teórica. Entrou por esa porta cun disgusto que *bueno*, xa é alto, pero aquel día pareceume máis alto aínda, e despois non é que *sea* o meu fillo, pero é moi guapiño, unha cara..., *bueno*, e eu lle dixen: “Que pasa?”, “Eses todo o queren, á perfección non é nada.”, “Juan Manuel, hai que saber perder, non che aprobou porque no fixestes ben, non me digas a min como é o conto,

que eu tamén saquei o carné. Non me digas como é o conto. Todos, botamos en contra dos *ingenieros* porque non nos queremos culpar a nós, pero a próxima vez que vaías e aprobes xa verás ti como...” E di mamá: “*Bueno* muller, ti que sempre estás unha *vela* aquí, unha misa alí, tes que rezar polo rapaz, porque tal, porque *cual...*”. Funme á misa, eu mirín pa *Virgen*: ti que *eres* nai como min, ti sabes ben o que se pasa, eu tamén teño disghusto, e axúdao porque a ver. E xa me acordou meu sogro. Xa me vén á mente (o sogro), por eso che digho eu, a miña maneira de ser... xa fun alí: “Sabes que Juan Manuel ten un disghusto...” porque eu fálolle así, porque el ten unha foto, “ten un disghusto non sabes ti, de morte, eh, por ese carné. Xa o sabes ti, e eu prométoche que te traio flores desde hoxe *hasta noviembre*, heiche de procurar que non che sequen.” Porque como miña sogra lle pon todo o ano flores, pois eu en *noviembre* é cando poño eu. “Pero eu prométoche que a próxima vaia que vaia a Santiago e veña contento, ti desde alá que podes...” Cheguei á casa, conteille o conto e dime miña nai: “*Bueno*, pode ser muller, pode ser.” *Bueno*, non me dighas, esta é a miña fe. [Non se entende] Non lle deixo secar as flores, eh. As flores non llas deixo secar. Pa nada, eu vou onda el e digo: “Ves que contento telo neto! (...) E claro, *ahora* veño a traerche as flores” E nada máis, esa é a miña maneira de ser.

R.: Ti, algunha vez *viste* adevisas? Sabes o que son as adevisas?

M.: Si, que vin algo que...

R.: Antes de que unha *persona* morrera *tuviste* algunha vez algunha *señal* ou [non se entende] algunha cousas desas?

M.: Non, eu *tuven* un, *solamente* un día, non antes, senón despois de morrer él, o meu sogro, non antes, antes eu quería que morrera porque o pasaba moi mal, tiña *cáncer* aos *huesos*. Cheghabas alí e non lle podías tocar, e o oías gritar desde abaixo que é onde estaba todo os días e el estaba no piso de arriba e oías gritar.

R.: Pobriño, e non lle daban morfina ao pobre home?

M.: Home, e despois xa *iban cucharadas*, e despois fixeron unha especial, unha droga, en *cucharadas*, despois xa alucinaba. Despois estaba tranquiliño, tan pronto empezara a queixarse. Tes un señor na cama así... telo que cambiar, porque non se movía ademais un señor *sin* unha perna. Claro, entonces quéroche decir...



A CASA

M.: Un día en Olveira de Arriba, que é onde nacín eu, alí arriba. Pois eu teño unha amigha de toda a miña vida, nacemos xuntas, *fumos* a escola xuntas, cosemos xuntas, caseime un pouquiño primeiro eu, eu con Juan e ela con outro. Pero seghimos sendo... *bueno*, touche falando de Juana que é a miña amigha, pero esa é máis, é a miña confidente, somos igual ca sempre eh, criámonos xuntas, bailamos xuntas, casámonos practicamente *eso*... e se eu estou enferma ela chora por min eu choro por ela, esa é a amigha. *Entonces*, cando vou á casa dela, meus pais xa... xa saben que non vou a volver. Porque ademais que ten catro *personas* maiores na casa, ten catro *personas* máis maiores que meus pais, e claro, cheghas alí e eu como son deste vocabulario pois, nada, que tal tío Juan, que tal tía Juanita, como lle vai Adelina, e como lle vai tía Rufina como estades todos, e aí! Mariña, canto tempo hai que non vés. *Anque namais*, que levaba oito días, no que hai máis porque... porque hai máis días porque non é porque eu non queira ir, eu acompañei á miña amigha moitas veces e sei que ten moito traballo e ti sabes que o tempo dela sei que é ouro pa ela, *entonces* eu non quero ir porque entro e claro para e logho, teno que facer ao mellor; claro, catro *personas* maiores lavándoas e atendéndoas ela, e ademais aquí non é estar en San Sebastián, aquí é ter a horta, e ter unha *patata*, e ter un animal e *entonces*, ten que facer outras cousas.

R.: Ti tamén traballas a horta?

M.: *No*, iso de momento non me manda. *Eso* lévaoo mamá, a horta lévaa mamá, eu o único que lle vou axudar é na horta da casa vella que alí botan millo, despois a sementar. Voulle botar o tractor [non se entende], despois botámolas as *patatas* e tamén como xa sabes que *ahora* se poñen co tractor pois vou alá eu. Despois do demais practicamente nada.

R.: *Bueno*, levas toda a casa?

M.: Aí, no! A casa desde o que hai que comprar en *Puebla* *hasta* que hai que terminar con outra cousa. *Eso*, xa hai vinte e seis anos que o levo eu. Eu cando me casei xa me dixo: aí vai todo, *esto* é teu, incluído a comida. O único que *estea* enferma, que *estea* na cama...

R.: E organizas toda a comida ti?

M.: Eu orghanizo todo o que hai de toda da *nevera*, do *congelador*, do que vai pasar mañá, do papel que vou meter noutro lado; toda esa orghanización toda é miña, aquí o que se trae, o que se leva, o que se hai que poñer aquí ou poñer *esto otro*. Eu sei, non coma moita xente, que *esto* non é meu, de momento, claro porque haino que *decir*, non é *decir*: alá, porque ti vivistes

aí, eu sei *esto* por *ejemplo* se alguén ten que coller a porta teño que ser eu, *aunque* eu teña aquí a miña *sudor* e *maillo* meu marido porque *esto* é deles. Cando viñemos pa esta casa casados pois estaba simplemente levantada e *cas ventanas* postas, do demais foi ca *sudor* do meu home, todo o demais. Traballou na casa dos meus pais. Eu sei que, *aunque* a lei me dera a min, eu *jamás*, deixaría a meus pais na *calle, eso...* [non se entende] e xuro diante de Cristo si fai falta, os vellos *jamás*, a min os vellos son saghrados *eso, lo digo siempre*. Que non podo vivir con eles? Pos deixóos, que un día que lle fagha falta volvería. Doume de conta, doume de conta eu pola miña vida que os *pude* deixar cando me casín. Porque a miña vida non *tuvo libertá*, como a xente que se casa sola, a miña vida non foi libre porque seino pola miña filla. Eu aconsellei á miña filla e dixo que de momento que viñan pa aquí, e que despois cando se fixera co piso. E pois eu contesteille que *no*, que era mellor ter o piso dous anos despois vivindo a súa vida que vivindo a miña vida. Eles non tiñan porque andar de *puntillas* pola casa adiante cando eles chegharan pa non *despertarme* a min, eles podían cheghar á súa casa deitarse no chan ou onde lles dera a ghana e poñerse *dónde* lles dera a ghana, pero non podían entrar aquí *facendo* ruído ás horas que lles dera a ghana de vir porque era a miña vida e a vida de seus *abuelos*. E eu túveno que facer así, *entonces* eu non podía vivir nunca, eu sempre *estuvén* vivindo por demais, e moitas veses, que o digha a xente, que é moi hipócrita e no quere *dicir* moitas veses *tuven* que deixar ao meu home de lado e vivir polos demais, non deixando así decindo: “Bueno, pois...” No, por favor. Pero: “Deixa que falen, quieto, non dighas”. E hoxe no faría, hoxe cásome e por suposto que nos deixaría, *si* lle fixera falta pois viría pero eu fixen *abuelo* a meu pai ca *edá* que teño eu hoxe, e para que me necesitaban a min?, para que necesito eu a miña filla?, si eu hoxe fago mais que elas entendes?, pero era o estilo da aldea, e *esto* era a nosa vida e así foi; porque eu tamén tiña dous irmáns que estaban solteiros, podíanse quedar eles. Pero non, como era a única muller, e aquí na aldea érache o *costumbre* de que era a única muller. E *ahora* pois miras para eles os dous, e como os vas deixar *solos*. A miña vida non a vivín, vivín a vida deles, que lles foi de marabilla, porque eles andan por aí a sachar, van cando queren, porque *bueno*, temos dúas leira *solas*, van cando queren e cando cheghan eles van ao cuarto de baño, veñen lavados, nin saben nin a comida que hai, nin a comida que puxen, nin a que vou a facer.

R.: Que *decías* do teu sogro?

M.: E xa che digho, de meu sogro, pasoume *eso* e seghirei... seghirei dicindo sempre... *Entonces*, fun alá, a Oliveira e...*salindo* da casa da miña amiga xa eran as doce da noite ou así, e

díxome a nai que daquela estaba ben, vouche pasar eu por aí abaixo e vouche..., e dixeran eu:
“Que va! Como que vén *vosté*?”.
Segue en MPG_GaRo_0007_003_en_0_25_35_id3675



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades